



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 195/2016

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL DA CASA DE ACOLLIDA, DE ACORDO AO PROTOCOLO DE ACCESO Á REDE GALEGA DE ACOULLEMENTO PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO DA XUNTA DE GALICIA 2016.**

Na Coruña, o 20 de decembro de 2016 na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde Presidente do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Ferrol no ámbito das súas competencias, ten unha Casa de Acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a ORDEN del 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A Casa de acollida do Concello de Ferrol forma parte da Rede Galega de acollida para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

referencia a Rede Galega de acollida para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que "Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero".

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol , P1503700E, para financiar o **Mantemento xeral da casa de acollida, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero na Xunta de Galicia 2016.**

A casa de acollida é un recurso especializado para mulleres en situación de violencia de xénero e persoas que dela dependan, que procedan doutro concello da provincia, diferente do titular do recurso, no marco do programa provincial de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero.

### II.- CONDICIÓNS XERAIS.

#### 1.- Descrición dos recursos da rede.

A Casa de Acollida é un recurso destinado a dar aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia ás mulleres e persoas que delas dependan, que sufran unha problemática de violencia de xénero. O tempo de permanencia neste centro non será superior a tres meses, podendo establecerse una prórroga por un período igual en circunstancias excepcionais.

Este recurso forma parte da Rede Galega de acollida para vítimas de violencia de xénero, regulada pola Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. E pola Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

#### 2.- Perfil e requisitos das persoas usuarias.

\* Mulleres e persoas que dela dependa, que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

\* Usuaria e persoas que dela dependan, que procedan de outro concello diferente ao da titularidade do recurso solicitado.

#### 3.- Compromisos do Concello de Ferrol.

3.1 Manter o recurso en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do recurso e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que dela dependan.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

3.2 Valorar as condicións de ingreso en cada centro, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.

3.3 Reservar tres prazas, anualmente, na casa de acollida no marco do programa provincial.

3.4 Cumprir as normas e requisitos que se establecen segundo o tipo de recurso, garantir o cumprimento dos regulamentos de réxime interno, seguir as directrices marcadas pola Xunta así como dispor das autorizacións ou permisos pertinentes.

3.5 Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a tramitación das prazas segundo as Directrices da Deputación e no marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia.

3.6 Informar á Deputación Provincial da Coruña, sobre calquera modificación do Regulamento de réxime interno da Casa que poda afectar ás usuarias do programa provincial previsto no presente convenio.

3.7 Comunicar calquera tipo de cambio no recurso (ampliación ou redución de equipamentos ou das prazas, peche por obras, outras reformas etc).

3.8 Remitir á Deputación en prazo e forma, a solicitude de prórroga, a memoria anual do recurso, a solicitude de novo convenio, e/ou informes de seguimento, de ser o caso, que sexan solicitadas.

3.9 Designar a unha persoa responsable do servizo ou sección da que dependa o recurso e a unha persoa responsable ou directora do recurso para formar parte dunha Comisión de Seguimento. Esta comisión reunirase anualmente 4 meses antes de terminar a vixencia do convenio.

3.10 Asistir a calquera reunión ás que sexan convocados pola Deputación da Coruña.

3.11 Publicitar no centro de acollida a colaboración da Deputación a financiación do recurso a través dunha comunicación escrita colgada no taboleiro ou lugar visible que inclúa o logo da Deputación.

Así mesmo, incluírase o logo da Deputación nas memorias xustificativas ou en calquera material que se edite.

#### 4.- Obrigas da Deputación da Coruña.

4.1. Colaborar no financiamento dos gastos de mantemento da Casa de Acollida (gastos de persoal e gastos correntes).

4.2. Cooperar na coordinación das entidades locais que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.

4.3. Realizar o seguimento e coordinación correspondentes coa Dirección do recurso e co concello de procedencia promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.

4.4 Supervisar o bo uso que se fagan das prazas reservadas e a ocupación que se faga das mesmas.

4.5. Constituír unha Comisión de seguimento a que designará unha persoa responsable do convenio, e convocará as reunións anualmente con alomenos unha semana de antelación.

4.6 Convocar calquera outra reunión ou solicitar informes técnicos, en caso de considerarse oportuno.

4.7 Avaliar os resultados e elaborar un informe anual de resultados e outro cuatrianual.



### III.- ORZAMENTO DE GASTOS.

O orzamento de gastos de mantemento da casa de acollida do Concello de Ferrol é o seguinte:

CONCEPTOS DE GASTO	IMPORTE
<b>Gastos de persoal. Nóminas e seguridade social</b>	209.607,76
<b>Outros gastos diversos:</b> produtos alimenticios, farmacéuticos, lencería, ferretería, axudas ao transporte /Taxi, tren, autobús), axudas económicas, etc.	15.000
<b>Mobiliario</b>	3.000
<b>Electricidade</b>	2.296,01
<b>Gas</b>	1.852,62
<b>Limpeza</b>	1.446,01
<b>Mantemento caldeira</b>	2.561,88
<b>Telecomunicacións</b>	3.049,20
<b>TOTAL</b>	<b>238.813,48</b>

### IV.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará os gastos da casa de acollida incluídos no orzamento que figura na cláusula cuarta cunha achega máxima de **32.569,77 €**, o que representa unha porcentaxe de 13,64%

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,64 %, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Ferrol que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica do convenio non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/22699, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da aportación provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### V.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia necesarios para o mantemento da casa de acollida.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

#### VII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da aportación, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (13,64 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** do concello de que o recurso está en funcionamento e que dispón das tres prazas reservadas a Disposición da Deputación da Coruña durante todo o ano.

\* **Certificación** do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) establecida na cláusula segunda, apartado 3.11.

*Segundo prazo* polo 50% restante ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

\* **Memoria xustificativa** de actuación, suscrita polo representante legal do Concello de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, segundo ao anexo ao convenio.

\* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acreedores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ao ano 2016.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

\* **Acreditación** de pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

#### VIII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A través do presente convenio fináncianse os gastos de mantemento da casa de acollida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematado o ano, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima, **antes do 31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

4. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**IX.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao cobro da achega provincial, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase de oficio por esta.

**X.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**XI.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impoñe o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XIII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a achega ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa





DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Este convenio poderá ser prorrogado anualmente ata un máximo de 3 anos, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do Concello de Ferrol, realizada antes do 31 de marzo de cada ano, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaria e da Intervención da Deputación.

Coa solicitude de prórroga anual o Concello presentará o orzamento previsto.

A prórroga poderá dar lugar a modificacións, tanto da cantidade da achega provincial como da porcentaxe de financiación en función das prazas reservadas, así como do procedemento e protocolo de actuación de ser o caso.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Ferrol, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 30918 de 15 de decembro de 2016.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACION E  
POLITICAS DE IGUALDADE

Asdo.: Anxela Franco Pouso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL,

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández